

Reunión Ordinaria da Comisión de Titulación do Grao en Enxeñaría Química

Data:

25-06-2020

Orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 29/04/2020 e Extraordinaria do 26/05/2020
2. Informes
3. Regulamento e rúbrica de TFG
4. Notificacións de plaxio
5. Validacións e recoñecementos
6. Horarios 2020-2021
7. Quenda aberta

Asistentes:

M.S. Freire, J.M. Garrido, R.A. Guerra, A. Mosquera, M.A. Sotelo

**Excusan a súa
asistencia:**

O día 25 de xuño ás 10:00 h por videoconferencia (MS Teams), réunese a Comisión da Titulación do Grao en Enxeñaría Química cos asistentes que se indican.

- 1. 1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria do 29/04/2020 e Extraordinaria do 26/05/2020**

Apróbase por asentimento a acta da reunión ordinaria da Comisión da Titulación do 16/03/2020 e Extraordinaria do 26/05/2020.

- 2. Informes**

Como resultado da última reunión da comisión:

01/06/2020	<p>A directora de biblioteca informa que:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Está elaborando unha lista de recursos electrónicos • Que teñen indicacións da USC de mercar unicamente libros electrónicos • Se pode acceder temporalmente polo COVID-19 á Base de datos AccessEngineering de McGraw Hill contén 684 libros en inglés.
03/06/2020	<p>Enviouse un correo aos profesores que imparten materias con prácticas de laboratorio preguntando:</p> <p><i>Cal é o número de horas que precisaría un grupo de alumnos para realizar a parte estritamente de laboratorio presencial dunha soa das prácticas de laboratorio da materia que impartes?</i></p> <p>Todos eles enviaron a información requirida</p>

Reunións relacionadas coa elaboración de horarios:

15/06/2020	Convocada pola Directora da ETSE na que participan o Secretario da ETSE, a Coordinadora do Grao e o Director do Departamento de Enxeñaría Química.
22/06/2020	Convocada pola coordinadora do Grao para revisar a proposta enviada pola ETSE entre coordinadoras de curso, Secretario e Xestora da ETSE.

3. Regulamento e rúbrica de TFG

A Comisión de TFG do 23/06/2020 aprobou o Regulamento de TFG que se enviará á ETSE para a súa posterior aprobación por Xunta de Escola e Consello de Goberno. Tamén se aprobou o novo formato de rúbrica e o informe de avaliación asociado.

4. Notificacións de plaxio

Segundo o regulamento da ETSE dende a coordinación do título levarase un rexistro das incidencias de plaxio e para iso informa ao alumno da notificación da incidencia recibida por parte do docente da materia.

Recibíronse notificacións de plaxio en dúas materias do Grao, concretamente nas materias de Análise de Procesos Químicos (1º Curso) e Enxeñaría de Procesos (3º Curso). En total dous casos na materia de primeiro e sete na de 3º curso.

Axúntanse a esta acta os informes enviados pola profesora das materias. Aos estudantes implicados se lles notificará por correo a recepción da incidencia.

5. Validacións e recoñecementos

5.1. J.E.A.R.

Solicita recoñecemento dos seus estudos de Enxeñaría Química, U del Valle, Colombia.
Aceptanse os recoñecementos indicados na seguinte táboa.

Grado en Enxeñaría Química U del Valle, Colombia	Cr.	GrEQ, USC	ECTS	Nota
Física I	3	Física	9	5,5
Física II	3			
Laboratorio de Física I	1			
Laboratorio de Física II	1			
Programación	3	Informática	9	6,0
Introducción a la Ingeniería Química	1			
Química II	3	Química fundamental	6	5,8
Laboratorio de Química II	1			
Probabilidad y estadística	3	Estadística	6	6,8
Investigación de operaciones I	3			
Principios de procesos	3	Fundamentos de procesos químicos	6	5,1
Balances materia y energía II	3			
Inglés I	3	Inglés técnico	4,5	6,9
Inglés II	3			
Dibujo lineal	2	Expresión gráfica	6	5,8
Ecuaciones diferenciales	3	Ecuacións diferenciais	6	5,6
Métodos numéricos	3			
Matemáticas especiales	3			
Ingeniería económica	3	Economía de empresa	6	6,8
Química orgánica general	3	Química orgánica	6	6,4
Laboratorio de química orgánica	1			
Laboratorio de química orgánica general	2			
Termodinámica I	3	Termodinámica aplicada á EQ	6	6,4
Termodinámica II	3			
Fisicoquímica	3			
Mecánica de fluidos	3	Transporte de fluidos	6	5,6
Operaciones con sólidos	2			
Laboratorio de mecánica de fluidos	3	Laboratorio de transporte de Fluidos e Transmisión de Calor	6	7,0
Laboratorio de transferencia de calor	3			
Elementos de instrumentación química para ingenieros	3	Química analítica	6	8,8 (so a teoría)
Producción	3	Sistemas de producción industrial	4,5	8,3
Mecánica y resistencia	3	Fundamentos de máquinas e resistencia de materiais	4,5	5,5 (so a parte de resistencia de materiais)
Transferencia de masa	4	Transferencia de materia	4,5	5,0
Ingeniería de las reacciones químicas	3	Enxeñaría da reacción química	4,5	5,8
Microbiología industrial	3	Ingeniería bioquímica	4,5	7,9
Bioteología de procesos	3			
Instrumentación y control de procesos de IQ	3	Control de procesos	6	8,5
Tratamiento de aguas residuales	3	Optativa	4,5	8,8
Control de calidad	3	Optativa	4,5	8,3
Diseño de procesos de industria química	3	Optativa	4,5	7,3
Caracterización de combustibles	3	Optativa	4,5	8,5

Na materia de Química analítica recoñécese só a teoría polo que o alumno ten que cursar as prácticas de laboratorio.

Na materia Fundamentos de máquinas e Resistencia de Materiais o alumno ten que cursar a parte de Fundamentos de máquinas.

6. Horarios 2020-2021

Con motivo da pandemia do COVID-19 modificáronse os horarios do curso 2020-2021 en relación aos do curso pasado seguindo as seguintes premisas:

- a) Tres escenarios:

Escenario 1: Situación normal (máis ou menos).

Escenario 2: Semi-presencial con algunhas clases presenciais e outras online.

Escenario 3: 100 % online, todos confinados.

- b) Facer un único horario que sirva para os 3 escenarios e elíxese o 2 por ser o que máis limita.
- c) O curso comeza a 21 de setembro. Non se poden facer exames en Decembro, pasan todos a Xaneiro.
- d) Clases expositivas/seminarios: facer "bloques" durante a semana de clases expositivas e de clases de seminario para as materias de cada curso. A idea é que os alumnos de cada curso teñan en cada día ou ben só clases expositivas, ou ben só seminarios.
- e) Rotación dos grupos de prácticas: ir rotando no laboratorio os grupos de prácticas en períodos de máximo 3 - 4 días para que avancen coas mesmas de xeito similar. Así todos os grupos farán primeiro a práctica 1, etc.
- f) Adiantar as prácticas de laboratorio canto antes, intentando reducir os laboratorios no mes de novembro/décembro.

7. Quenda aberta

E.R. pide destacar nos horarios que no caso do escenario 1 as horas non teñen asignados os días de seminario e teoría. Recomenda que a ETSE asigne os alumnos aos grupos de seminario.


S.F. pide que os horarios del escenario 2 sexan lóxicos.

R.A.G.P. indica que debería considerarse o feito de que hai profesores que non poden dar docencia presencial por ser sensibles ó COVID-19.

A.S. como solución a esta situación que os alumnos fagan MS Teams na aula con profesor.

Sen máis asuntos que tratar dáse por rematada a xuntanza ás 12:30 h.

En Santiago de Compostela, a 25 de xuño de 2020



Asdo.: Anuska Mosquera Corral

Coordinadora do Grao